

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para debate en **Pleno, relativa á atención primaria no concello de Salceda de Caselas:****

As deficiencias na atención primaria en Galicia non son unha novidade. As promesas do Goberno Feijóo en canto á construción de novos centros de saúde quedaron simplemente niso, en promesas. Son coñecidas tamén as amortizacións de prazas que teñen reducido as plantillas de xeito alarmante e os recortes orzamentarios que padece a Sanidade en xeral e o programa 412B en particular.

Unha das vilas con importantes necesidades sanitarias desatendidas é Salceda de Caselas. Por unha banda con un centro de saúde vello, falta de espazo e con múltiples barreiras arquitectónicas e por outro cun só profesional da pediatría para unha vila que dende fai anos multiplicou a súa poboación infantil.

A veciñanza cansa desta situación tense manifestado reclamando un ou unha nova profesional de pediatría e a construción do novo centro de saúde. Construción que permanece bloqueada pola Xunta de Galicia a pesares de teren xa terreos municipais dispoñibles. A única actuación polo momento foi a visita de técnicos da Xunta fai xa medio ano sen que nada se saiba na actualidade.

Mentres tanto nenas, nenos e maiores deben soportar unha instalacións sen acceso para carriños, cadeiras de rodas ou persoas con mobilidade reducida, falta de ventilación, instalacións deterioradas e un elevado cupo na pediatría que mesmo fai que algunhas familias opten polo empadramento noutros municipios.

Ante esta situación, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

**O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:**

- 1.- Dispor unha nova praza de pediatría no centro de saúde de Salceda de Caselas.**
- 2.- Orzamentar nos vindeiros orzamentos a construción do novo centro de saúde, licitándoo e construíndoo coa maior brevidade posible.**
- 3.- Facer público o informe técnico derivado da visita do persoal da Xunta de Galicia.**
- 4.- Paliar na medida do posible, e coa finalidade de evitar riscos, as deficiencias máis perentorias do centro actual mentres se licita e constrúe o novo.**

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/10/2015 10:20:53**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 05/10/2015 10:21:02**